

LITERATURA

XOSÉ MIRANDA

REIGOSA E A LITERATURA ORAL

O escritor Antonio Reigosa (Zoñán, 1958), premio Merlín 1998 e finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil 1999 coa novela *Memorias dun raposo*, é un fabulador mindoniense desa caste particular que enlaza con don Álvaro Cunqueiro e co mesmo Esopo. Un mindoniense namorado da tradición oral, das lendas de detrás da lareira, dos tempos nos que os animais falaban. Un mindoniense que sabe ler e escribir, pero que, sobre todo, sabe escoitar, que é a máis difícil destas tres artes. Un non ten que facer un grande esforzo para imaxinar a Don Álvaro oíndo nunha baiuca ou na botica do seu pai moitas das súas historias de boca dos seus paisanos da Terra de Miranda, de Riotorto, do Bosque de Silva, de Sopena ou da Fraga Vella. Tampouco hai que facelo para imaxinar a Reigosa detrás das cociñas de ferro de Abadín, da Pontenova ou de Vilalba, compartindo coas xentes as tardes e as historias.

Así que un día, co resto dos memobros do Equipo Chaira (Mercedes Salvador, Ofelia Carneiro, Xoán Cuba) púxose

a andar os camiños da Terra Chá e a recoller o que lles contaban. E asombrouse: había aínda miles de historias, de contos, de narracións descoñecidas. Un mundo que se daba por extinguido estaba aínda vivo. Mentres os etnólogos oficiais ou oficiosos e os sesudos profesores universitarios decretaban a acta de defunción da literatura oral, ésta mantíñose vizosa e agachaba tesouros inapreciables e incalculables. Versións inéditas e únicas, ás veces en toda a Península, dos contos dos Grimm, de Afanasiev, do Decamerón, das Mil e unha noites. E, mentres tanto, outros discutindo trapalladiñas como se hai ou deixa de haber unha literatura rural e outra urbá, etc. Reigosa e os seus amigos publicaron en 1998 *Polvila na Pontenova. Lendas, contos e romances*, no que podemos disfrutar de todas esas pezas da literatura oral cun traballo científico de primeira orde, coas cousas ben feitas e con exquisito respecto ó informante. Pero antes xa gañara o Premio Nacional de Prensa, Radio e Televisión de Artes e Tradicións Populares do Minis-



terio de Cultura, en 1987, polo programa radiofónico *As donas do bosque*, que el facía con Cristina Lombao. Mentres os catedráticos de universidade publican libros de contos populares sen ningunha peza orixinal, sen orde nin concerto, sen notas nin estudos críticos, sen referencias comparativas e sen citar os libros dos verdadeiros recompiladores de onde foron entresacados, Reigosa iniciou un segundo labor titánico: catalogar, con criterios internacionais, os contos galegos. Así fixo *Contos de animais. Contribución a un catálogo tipolóxico do conto oral galego*, e

Notas para unha clasificación das historias e lendas da Terra Chá.

En terceiro lugar, Reigosa, Cuba e eu mesmo decidimos elaborar o *Diccionario dos seres míticos galegos*, no que foi o primeiro intento totalizador do mundo mítico e máxico galego e que é realmente unha especie de enciclopedia, eso, si, sempre coa pretensión de entreter e divertir, ademais de divulgar. Quixemos así poñer orde nese maremagnum e, de paso, que alguén, Lázaro Enríquez, empezase a lles poñer rostro a eses seres.

Cando estabamos co dicio-

nario descubrimos que era necesario facer en Galicia algo máis, isto é, reelaborar os contos de tradición oral, reunificalos e recuperar o posible modelo orixinal. Pechabamos así o ciclo que require as fases de recompilación, estudo e reelaboración. Naceu desa maneira a colección *Cabalo buligán*, que xa ten catro números, os de *Contos maravillosos 1, 2, 3, e 4*, e que saíu en Xerais. Con eles pretendemos que os nenos galegos (da cidade e do campo) coñezan a existencia de contos propios e evitar no posible a colonización de versións casteláns traducidas. Nós cremos que os contos casteláns hai que lelos en castelán. Galicia ten contos propios. Froito desa angueira foi tamén *Memorias dun raposo*.

Pero eso non é todo. Reigosa e Cuba iniciaron un novo traballo: establecer a xeografía máxica de Galicia. E iniciárono con *Xeografía mítica da provincia de Lugo (I): cen lugares con lenda*, publicado en Croa. E gardan unha sorpresa nova: os *Contos colorados*, ou sexa, os contos eróticos e atrevidos da nosa tradición oral.